

Bruxa Raruxa

O Premio O Barco de Vapor 2006 na súa vixésimo segunda edición recaeu este ano, e como vén sendo habitual, nunha novela de corte xuvenil titulada *Unha bruxa ben rara*. O seu autor Carlos Mosteiro (Santo André de Xeve, Pontevedra, 1955) é xa un recoñecido e consolidado escritor na nosa lingua con obras como *Cinco casos para Alex Lupanamán*, *O día que Miguel Induráin pasou por Gonderade* ou *Manual de instrucións para querer a Irene*.

No libro -que consta de catro partes, en cada unha das cales se inclúen varios capítulos- van desfilando personaxes reais e imaxinarios que se atreven mesmo a manter un diálogo co autor da novela, provocando deste modo unha serie de reflexións acerca da historia narrada e da independencia dos seres creados.

Raruxa é o nome desa bruxa ben rara que aparece no título e a protagonista en torno á cal xiran outros personaxes importantes na historia e que lle dan sentido aos pensamentos e actos duns rapaces que xuntos emprenden a aventura de buscar

Saber acabar ben



MARÍA NAVARRO

liberar a que foi presa das maldades doutros iguais, tornando o negativo en positivo e facen-

do bo o dito co que remata a novela “ben está o que ben acaba”.

Para entender ben a historia na segunda parte a nai de Raruxa, facéndose dona do libro, dirixe “unha carta aberta” ao autor onde lle explica o pasado da súa filla para que o público coñeza a situación actual da moza e poida entender o desenvolvemento dos acontecementos posteriores. Conséguese deste modo manter a narración nun plano real a pesar da fantasía que rodea a narración dende o comezo.

Non é mais que un procedemento propio da ficción literaria, pero que se revela neste punto novidoso e mesmo introduce algúns tópicos que convén desbaratar empregando a mofa e a ironía e algún valores que sería bo destacar como o sentido da amizade e a importancia do comportamento solidario.

O remate feliz, quizais excesivamente agardado, deixará os lectores cun agradable arrecendo a paz e iso sempre resulta interesante.

Mosteiro, Carlos, Unha bruxa ben rara, Ed. SM, Madrid, 2007, 126 páxinas